



**Á/a XERENTA DA ÁREA SANITARIA DE SANTIAGO/BARBANZA
DIRECCIÓN DE RECURSOS HUMANOS
DIRECCIÓN DE RECURSOS ECONÓMICOS
SERVIZO DE MEDICINA PREVENTIVA
U.P.R.L**

Ante as queixas reiteradas de distinto persoal, CIG-SAÚDE diríxese a vostedes, para lembrar unha vez máis que é responsabilidade desta Xerencia, procurar unha xestión eficiente das instalacións do complexo clínico hospitalario para garantir a seguridade e saúde nos lugares de traballo de maneira que a súa utilización non derive en riscos para @s traballador@s.


Nunha simple visual dos **VESTIARIOS do persoal, tanto no andar -5 como do andar -1** ao carón da unidade de Reanimación do H. Clínico, como nos do H. Provincial do andar -2, son más que reiteradas as deficiencias observadas a simple vista e que incumplen a normativa o RD 486/1997 e guía técnica do INSST que o desenvolve.

- Acúmulo de taquillas nos espazos, exceso das mesmas nos vestiarios que invaden espazos de paso ou dificultan o aseo d@s profesionais e a limpeza dos locais.
- Escaseza de bancos para facilitar o cambio de roupa @s traballador@s, tendo que facelo de pé en moitas ocasións.
- Vestiarios totalmente insuficientes en número para o persoal e tamén en canto a taquillas para gardar a roupa, tanto para o persoal contratado como para o persoal fixo, o que obriga a traballador@s a efectuar os cambios de roupa nos aseos públicos do hospital ou ben, ir e volver para o domicilio coa uniformidade posta.
- Falta de dispensadores de papel, e ante a falta, papel dispensado en bobinas ou paquetes enriba dos lavabos, mollandose o papel .
- Falta de dispensadores de xabró. Ou os que están non funcionan ou faltan en moitos dos lavabos, tendos @s traballador@s que facer recorridos polos vestiarios para coller xabró para lavar as mans ou papel para secárlas.
- Falta total e absoluta de dispensadores de xabró nas duchas habilitadas así como de estantes ou colgadores , e falta total e absoluta de toallas ou outra forma de secado conforme marca a regulamentación a tal efecto.
- Falta total e absoluta de dispensadores de solucións hidroalcólicas.

- Problemas de suministro en diversas ocasións da auga quente, coa imposibilidade de acadar unha temperatura idónea constante
- Ningún dos lavabos nin duchas nin retretes observados, contan con mecanismos automáticos ou electrónicos de activación ou peche da auga, o que reduciría considerablemente o seu consumo e conseguiríase un aforro enerxético engadido.
- Contan os vestiarios con mecanismos de renovación e impulsión de aire exterior suficientes a fin de evitar cheiros ao ser locais pechados e sin ventilación exterior? Existe un informe do seu mantemento?
- Exiximos unha avaliación, estudo, informe do estado dos diversos vestiarios existentes para o persoal por parte desta Xerencia.

Documentase o presente escrito con diversas fotografías.

Santiago de Compostela a 14 de Maio do 2020



Xabier Alvedro Álvarez



X.M. Marcote Baña